

ACTA DA SESIÓN DE CARÁCTER ORDINARIO REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 30 DE AGOSTO 2018

<p>ASISTENTES:</p> <p>Presidente: D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ</p> <p>CONCELLEIROS/AS</p> <p>D. ANTONIO RODRÍGUEZ MEIZOSO D. EMILIO RIOBÓ PIÑÓN D. JAIME BARCIA RODRÍGUEZ D.^a MARIA IBERA TEIJEIRO SANJUAN D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO D. DAVID RODRÍGUEZ SANMARTÍN D. SANTIAGO MEIZOSO PERMUY</p> <p>SECRETARIO: D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ</p>	<p>No Salón de sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña sendo as dez horas do día trinta de agosto de dous mil dezaioito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Meizoso López, reúnense os concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da corporación coa finalidade de realizar a sesión convocada para o día de hoxe. Non asiste á sesión D.^a Laura Piñeiro Montes.</p>
---	--

1.LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 6 DE AGOSTO DE 2018. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión, se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data seis de febreiro de dous mil dezaioito

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión acorda aprobar a acta da sesión anterior.

2.PROPOSTA DA ALCALDÍA DE HABILITACIÓN DO EDIFICIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES – BIBLIOTECA COMO CASA DO CONCELLO. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente de que como consecuencia das obras de rehabilitación que se van levar a cabo na Casa do Concello e que están incluídas no POS + 2018 Plan Único dos Concellos da Deputación Provincial da Coruña e

que se atopan en Fase de adxudicación é necesario habilitar unhas novas dependencias durante as obras. Polo que se propón por esta Alcaldía – Presidencia habilitar como Casa do Concello o edificio de Servizos Múltiples – Biblioteca que se considera o máis axeitado para esta finalidade.

Polo voceiro do Grupo de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu Grupo vai a votar en contra da proposta da Alcaldía en congruencia co voto en contra que este Grupo Municipal sostivo con respecto ás obras na Casa do Concello incluídas no mencionado Plan Provincial.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, dise que con esta actuación a Casa do Concello, xa leva dúas obras nos últimos anos, polo que se ve no equipo de goberno improvisación e a falla dun plan para ver que hai que facer neste e noutros asuntos.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que a obra é necesaria, xa que hai que acometer a accesibilidade interior, así como unha nova instalación eléctrica e rede de datos, considérase o inmovible máis axeitado para acoller temporalmente a Casa do Concello o edificio de Servizos Múltiples – Biblioteca, xa que é o que conleva un menor custo para o traslado.

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permuy, pregúntaselle ao Alcalde-Presidente si serán as últimas obras na Casa do Concello?

Respostándolle o Sr. Alcalde-Presidente que de urxencia non hai máis obras que facer aínda que a medio prazo sería desexable mellorar a eficiencia térmica do edificio cambiando a critalería.

Sen máis debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/a dos Grupos Municipais do P S de G- PSOE, e Mixto –PP, e 2 votos en contra dos Sres. Concelleiros do Grupo Municipal de AIAC), adopta o seguinte acordo:

1º. Habilitar como Casa do Concello con carácter temporal e mentres duren as obras de rehabilitación das dependencias da Casa do Concello da Capela o edificio de Servizos Múltiples – Biblioteca.

2º Unha vez rematada a recepción da obra de referencia volverá a estar habilitada a Casa do Concello no seu edificio actual.

3.EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 6/2018. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente da redacción do expediente de modificación de créditos 6/2018, que recolle suplementos e xeración de créditos con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio 2017, o expediente de modificación de créditos, ascende á cantidade de nove mil euros (9.000€).

Xérase crédito na partida 2018.933.62300 para a reforma das instalacións eléctricas e rede de datos no edificio de Servizos Múltiples- Biblioteca Municipal, para a adaptación temporalmente a Casa do Concello, por importe de 3.500€, que ademais ten a consideración de investimento financeiramente sostible.

Suplementáse as partidas 2018.920.62600, 2018.920.22706 e 2018.920.22699 por importes de 1.000€, 3.000€ e 1.500€ para adquisición de disco de rede para almacenamento de datos, traballos informáticos e adhesión á plataforma de tramitación de expedientes Gestiona.

Polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo, dise que o seu Grupo se vai abster, xa que están en contra da partida orzamentaria para o traslado temporal da Casa do Concello ó edificio de Servizos Múltiples – Biblioteca Municipal.

Sen máis debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (6 votos a favor dos Sres. /Sra. Concelleiros/a dos Grupos Municipais do P S de G- PSOE, e Mixto –PP, e 2 abstencións do Grupo Municipal de AIAC), adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o expediente de modificación de créditos número 6/2018 por importe de 9.000€ que contempla xeración de crédito e suplementos de crédito con cargo ao remanente líquido de tesourería do exercicio 2017, de acordo co seguinte cadro:

CAPITULO	CONSIG. ANTERIOR	SUPLEMENTOS	XERACIÓN CRÉDITOS	TRANSF. CRÉDITOS	TOTAL CONSIG. RESULTANTE
I Gastos de persoal	364.948,52€				364.948,52€
II Gastos en bens correntes	813.417,75€	4.500,00€			817.917,75€
III Gastos financeiros	0,00€				0,00€
IV					

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Transf. Correntes	26.800,00€				26.800,00€
V Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00€				0,00€
VI Invetimentos reais	635.115,51€	1.000€	3.500€		639.615,51€
VII Transf. De capital	0,00€				0,00€
VIII Activos financeiros	0,00€				0,00€
IX Pasivos financeiros	0,00€				0,00€
TOTAL	1.840.281,78€	5.500,00€	3.500,00€		1.849.281,78€

2º. Que se continúe coa tramitación do expediente con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións.

3º. Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite de publicación definitiva no BOP.

4. DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. DAR CONTA.

Dase conta ao pleno da relación de decretos dende 21.06.2018 ata 22.08.2018 que de seguido se relacionan:

Nº Decreto	Data	Asunto
00163/2018	21/06/2018	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL 2018 DAS TAXAS DO SUMIDOIRO
00164/2018	25/06/2018	CONTRATACION DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL PARA O PROGRAMA PIL 2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
00165/2018	25/06/2018	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA PARA O DÍA 28 DE XUÑO DE 2018 ÁS 10:00 HORAS
00166/2018	25/06/2018	ALTAS PMH DE D. JOSE ROBERTO SECO BASOA
00167/2018	26/06/2018	ALTA PMH DE D. LUIS PENA MARTINEZ
00168/2018	27/06/2018	ALTA PMH DE D. ^a IRENE MEIZOSO FERNÁNDEZ
00169/2018	28/06/2018	CONCESION DO DÍA 29 DE XUÑO DE 2018 POR ASUNTOS PROPIOS E DOS DÍAS 2-3-4-5 E 6 DE XULLO DE 2018 POR HOSPITALIZACION DO SEU CONXÚXE

00170/2018	28/06/2018	APROBACION DO EXPEDIENTE MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO DA OBRA "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: O BARREIRO, PEREIRO, CORVEIRA E A LAGOA" - AGADER 2018-2019
00171/2018	29/06/2018	APROBACIÓN DA NÓMINA XUÑO 2018 DO PERSOAL MUNICIPAL
00172/2018	02/07/2018	BAIXA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D. BENIGNO FERNÁNDEZ SECO
00173/2018	03/07/2018	PETICION DA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DNA. MARIA JOSEFA MARTÍNEZ VILAR
00174/2018	03/07/2018	PETICION DA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DNA. DOSINDA YAÑEZ RODRÍGUEZ
00175/2018	03/07/2018	PETICION DA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DNA. MANDINA SABIN DIAZ
00176/2018	04/07/2018	VACACIÓNS DA TRABALLADORA SOCIAL DNA. MARIA AMÉRICA UCEIRA CRIADO
00177/2018	04/07/2018	SOLICITUDE PERIODO DE VACACIONS DE DNA. ELSA GOMEZ LOPEZ
00178/2018	04/07/2018	ALTAS PMH D.ª SILVIA SANMARTIN PICO E D. PABLO JESUS LÓPEZ GARROTE
00179/2018	04/07/2018	SOLICITUDE DO PERIODO DE VACACIONS DE DNA. CRISTINA RODRIGUEZ SANMARTIN E DO DÍA 5 DE XULLO DE 2018 POR ASUNTOS PROPIOS
00180/2018	05/07/2018	SOLICITUDE PERIODO DE VACACIÓNS DA FUNCIONARIA MUNICIPAL DNA. OLGA GALDO LÓPEZ
00181/2018	05/07/2018	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL XUÑO 2018 DAS TAXAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
00182/2018	05/07/2018	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL XUÑO 2018 DAS TAXAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
00183/2018	05/07/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE O/2018/5
00184/2018	06/07/2018	BAIXA POR DEFUNCIÓN DE D. ANTONIO RODRIGUEZ MEIZOSO
00185/2018	09/07/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE P/2018/6
00186/2018	09/07/2018	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DO 2º TRIMESTRE 2018 DAS TAXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA
00187/2018	09/07/2018	ACORDO DE RENUNCIA Á ANUALIDADE 2018 DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA ACONDICIONAMENTO DUN TREITO DA RUTA CAMIÑO DA VENTUREIRA AO MOSTEIRO DE CAAVEIRO
00188/2018	11/07/2018	EXPEDIENTE DE BAIXA NO PMH DE D. ALEXANDER MARCEL LAXALT ACOSTA
00189/2018	12/07/2018	INSCRICIÓN DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS DE D. MARCOS GRAÑA SEIJO
00190/2018	13/07/2018	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA "REHABILITACION DEPENDENCIAS CASA DO CONCELLO DA CAPELA"
00191/2018	16/07/2018	ALTA PMH D.ª TAMARA GARCIA GRANDAL
00192/2018	16/07/2018	RESOLUCIÓN DA COMISIÓN AVALIADORA DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES 2018

00193/2018	17/07/2018	CONCESIÓN DOS DÍAS 23 E 24 DE XULLO DE 2018, CON CARGO OS CORRESPONDENTES POR ASUNTOS PROPIOS DA TRABALLADORA SOCIAL DNA. MARIA AMÉRICA UCEIRA CRIADO
00194/2018	18/07/2018	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE LICITACION E CONTRATACION MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA "REHABILITACIÓN DEPENDENCIAS CASA DO CONCELLO DA CAPELA" (POS+2018)
00195/2018	19/07/2018	SOLICITUDE DO DÍA 20 DE XULLO DE 2018 POR ASUNTOS PROPIOS CORRESPONDENTES Ó EXERCICIO 2018, DA FUNCIONARIA DNA. JOSEFINA FERNÁNDEZ FERREIRA.
00196/2018	19/07/2018	APROBACION DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO DA OBRA DENOMINADA "PAVIMENTACIÓN E ILUMINACIÓN DE BEIRARRÚAS DAS NEVES" (POS+2017 ADICIONAL 1/2017 1ª FASE)
00197/2018	24/07/2018	PRORROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE TELEFONIA FIXA, MOBIL E ACCESO A INTERNET
00198/2018	26/07/2018	DESIGNACION DE RECUPERADOR/RECIKLADOR DE PAPEL CARTON NO CONCELLO DA CAPELA
00199/2018	26/07/2018	RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE SUXEIÇÃO DOS COLECTORES DE RSU
00200/2018	26/07/2018	CONCESIÓN SUBVENCIÓN A ENTIDADES 2018
00201/2018	27/07/2018	PETICION DO DÍA 30 DE XULLO DE 2018 CON CARGO OS CORRESPONDENTES POR ASUNTOS PROPIOS DO EXERCICIO 2018
00202/2018	27/07/2018	PETICION DE AUMENTO NA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DNA. MANDINA SABÍN DÍAZ
00203/2018	30/07/2018	APROBACIÓN DA NÓMINA DO MES DE XULLO/2018 DO PERSOAL MUNICIPAL
00204/2018	31/07/2018	ADXUDICACION DA CONTRATACION DA OBRA DENOMINADA "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: O BARREIRO, O PEREIRO, CORVEIRA E A LAGOA" - AGADER 2018-2019
00205/2018	31/07/2018	ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANCIAMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DENOMINADA "PAVIMENTACIÓN DA ESTRADA DE ACCESO ÁS FRAGAS DO EUME"
00206/2018	01/08/2018	SOLICITUDE DE VACACIONS DA FUNCIONARIA MUNICIPAL DNA. JOSEFINA FERNANDEZ FERREIRA
00207/2018	02/08/2018	AUTORIZACION TIRADA FOGOS DE ARTIFICIO FESTA DE AS NEVES 2018
00208/2018	03/08/2018	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO-URXENTE PARA O DÍA 6 DE AGOSTO DE 2018, ÁS 12:00 HORAS
00209/2018	06/08/2018	VACACIONS ANO 2018 DO SECRETARIO-INTERVENTOR TITULAR DO CONCELLO DA CAPELA, D. JOSE ANTONIO MEIZOSO PAZ
00210/2018	08/08/2018	RESOLUCION DE APROBACION EXPEDIENTE PARA A LICITACION E CONTRATACION DO SERVIZO

		DENOMINADO "LIMPEZA EN INMOBLES MUNICIPAIS"
00211/2018	08/08/2018	APROBACION DO PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE NO TRABALLO DA OBRA DENOMINADA MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: O BARREIRO, O PEREIRO, A CORVEIRA E A LAGOA" - AGADER 2018-2019
00212/2018	09/08/2018	APROBACION DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA DENOMINADA "OBRAS DE ACCESIBILIDADE E PAVIMENTACIÓN EN BEIRARRÚA NA TRAVESÍA DAS NEVES" - PAS ADICIONAL 1/2015
00213/2018	11/08/2018	AUTORIZACIÓN TIRADA DE FOGOS DE ARTIFICIO NAS FESTAS DE SANTA MARIA DE CABALAR 2018
00214/2018	13/08/2018	RESOLUCION APROBACION INICIO EXPEDIENTE PARA A "RENOVACION DO ALUMEADO PÚBLICO EN VARIOS LUGARES: A BUIÑA E OUTROS-PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016-PLAN ADICIONAL 2ª FASE
00215/2018	14/08/2018	VACACIÓNS DA SECRETARÍA DO XULGADO DE PAZ DNA. MARIA CELIA COUCE MOREIRA DENDE O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2018 ATA O 31 DO MESMO MES (11 DÍAS HÁBILES)
00216/2018	14/08/2018	APROBACION DO EXPEDIENTE DE LICITACION E CONTRATACION MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO SERVIZO DENOMINADO "LIMPEZA EN INMOBLES MUNICIPAIS"
00217/2018	20/08/2018	APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL XULLO/2018 DAS TAXAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
00218/2018	20/08/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE O/2018/6
00219/2018	20/08/2018	AXUDA ECONÓMICA PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DE SANTIAGO DA CAPELA E STA. MARÍA DE CABALAR
00220/2018	21/08/2018	CONSTRUCCION DE VIVENDA UNIFAMILIAR NO LUGAR DE ESTOXA
00221/2018	21/08/2018	CONCESION LICENZA URBANISTICA PARA "REFORMA DO SANEAMENTO DA CASA DOS GARDESES DO MOSTEIRO DE CAAVEIRO"
00222/2018	22/08/2018	APROBACION EXPEDIENTE DE LICITACION E CONTRATACION MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO DO SUBMINISTRO "RENOVACION DO ALUMEADO PÚBLICO EN VARIOS LUGARES: A BUIÑA E OUTROS" PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE 2016-PLAN ADICIONAL 2ª FASE
00223/2018	22/08/2018	APROBACIÓN DA RELACIÓN CONTABLE P/2018/7
00224/2018	22/08/2018	CONTRATACION DE ESPECTACULOS INCLUIDOS NA REDE CULTURAL 2018 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
00225/2018	22/08/2018	CONTRATACION DE ESPECTACULOS INCLUIDOS NA REDE CULTURAL 2018 DA DEPUTACION PROVINCIAL "A RODA"
00226/2018	22/08/2018	CONTRATACION DE ESPECTACULOS INCLUIDOS NA REDE CULTURAL 2018 DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA "LENDA ARTABRA"
00227/2018	22/08/2018	CONTRATACION DE ESPECTACULOS INCLUIDOS NA REDE CULTURAL 2018 DA DEPUTACION PROVINCIAL "TIRULEQUE"

00228/2018	22/08/2018	CONTRATAACION DE ESPECTACULOS INCLUIDOS NA REDE CULTURAL DA DEPUTACION PROVINCIAL 2018 "ABRINDO REJO"
00229/2018	22/08/2018	CONTRATAACION DE ESPECTACULOS INCLUIDOS NA REDE CULTURAL 2018 DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA "BRINCADEIRA"
00230/2018	22/08/2018	CONTRATAACION DE ESPECTACULOS INCLUIDOS NA REDE CULTURAL 2018 DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA "NO CÓMBARO"

En relación cos decretos pregúntase polo voceiro do Grupo Municipal de AIAC, D. Marcos Rodríguez Calvo por qué se renunciou á subvención de parques? E qué motivou o cambio da empresa recuperadora de cartón e papel?

Respóstalle o Sr. Alcalde-Presidente que o motivo da renuncia da subvención dos parques foi que a subvención outorgada ascendía a 10.000€ , (5.000€ para a anualidade 2018 e 5.000€ para a anualidade 2019), sobre un proxecto presentado que ascendía á cantidade de 45.000€, ademáis o prazo de execución fixébase no 31 de xullo, co cal era imposible executar as obras.

Con respecto ó cambio da empresa que se encarga da recuperación do papel e cartón o motivo debeuse a que empresa Ultramic levaba máis de dous meses sen vir a recoller, xa que despediu a todos os traballadores.

O pleno queda enterado.

5.MOCIÓN S PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Non se presentou ningunha moción para o seu debate e votación neste Pleno ordinario.

6.ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

Polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permy, formulase “in voce” o seguinte rogo:

Que se permita a asistencia ás sesións da Mesa de Contratación Permanente do Concello ós voceiros dos Grupos da oposición ós efectos de ter coñecemento dos acordos e propostas da mesma.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que non existe ningún inconvinte para que asistan ás mesmas, facendo constancia que non teñen voz nin voto, de acordo coa normativa de contratación vixente.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.acapela.es>. O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Dase conta das preguntas presentadas polo voceiro do Grupo Mixto – PP, D. Santiago Meizoso Permu, que de seguido se relacionan:

1. Sobre os CRITERIOS de adxudicación da Comisión Avaliadora para a convocatoria de realización de actividades culturais, deportivas e dotación de infraestruturas durante o ano 2018. Cal foi o criterio para valorar o número de beneficiarios/as directa ou indirectamente polas actividades... Podíamo explicar para cada unha das 11 solicitudes?

Respostase polo Sr. Alcalde – Presidente que o criterio principal é que a todas as entidades ou asociacións se lles subvencione con alguna cantidade, os criterios de reparto son os que figuran nas bases da convocatoria, e con respecto á xente que acode ós eventos organizados polas entidades á marxe do que cada unha delas consigne na solicitude de subvención, o Sr. Alcalde-Presidente dí saber a xente que realmente participa, xa que acode ós actos de todas as entidades.

2. Por qué algunhas das asociacións con máis antigüidade e actividade son as que peores puntuación sacan (DOUS CEROS) neste apartado de difusión? E sen embargo a Asociación Cultural Xuventude da Capela de recente creación obtén mais puntos que as anteriores asociación.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que se dá por respostada co manifestado na primeira pregunta.

3. Cando ten pensado o Goberno Local rematar coa campaña para a limpeza dos camiños municipais? Hai moitos deles que son un perigo para a seguridade viaria e fácil para os lumes. Como vostede sabe estas actuacións son prioritarias, e tense que cumprir coa normativa contra incendios de Galicia.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que o problema para non ter rematado os traballos é a limitación do persoal. Dí que un dos tractores disponibles está a desbrozar continuamente e o outro faino cando non hai que atender outras obrigas necesarias, por parte do persoal laboral do concello, así mesmo fai entrega ó voceiro do Grupo Mixto – PP, dun mapa do Concello sinalando o estado dos desbroces das vías municipais, ó día da data.

4. A que se dedicaron os peóns e maquinistas que o Concello ten temporalmente para axudar as labores dos empregados municipais? Fixeron labores de desbroce?

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que as tarefas para as que foron contratados e que con respecto ó condutor de maquinaria está a desbrozar toda a xornada nas vías municipais.

5. Nos decretos e resolución deste trimestre aparece unha orde de pago á Mesa pola Normalización Lingüística de 350,96 € en concepto de couta anual. Cal é o servizo que da esta asociación ao concello da Capela?

Polo Sr. Alcalde-Presidente entrégaselle copia ó voceiro do Grupo Mixto – PP, do Convenio asinado no seu día polo representante deste Concello coa Mesa de Normalización Lingüística, onde se recollen os servizos que presta a Mesa, así mesmo faise constar que o custo do Convenio ascende á cantidade de 300,00 € anuais.

6. Cando empeza a obra de reforma da Casa do Concello?

Resposta o Sr. Alcalde – Presidente que se estima que as obras poden iniciarse a remates de setembro ou en outubro dependendo de Amtega que é a que ten que facer o traslado da liña de rede para o servidor do Concello.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once horas, de todo o cal eu, secretario, dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,

Manuel Meizoso López

O Secretario,

José Antonio Meizoso Paz